



Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2010

Estimados amigos e amigas:

Xa estamos a un mes da celebración do V Día da Galicia Exterior con motivo do Ano Santo Xacobeo 2010. Quero trasladarvos a esperanza e o ánimo para que nos xuntemos o día 13 de agosto en Compostela nunha grande representación da Galicia emigrante.

A pesares da situación de xusteza que estamos a vivir en todo o mundo, agardo poder vervos na Quintana coas vosas enseñas e pendóns representativos dos vosos centros para invocar ao apóstolo e pedirlle o seu amparo.

Agradezo que fagades chegar esta invitación a todos aqueles que, nestas datas, están en Galicia ou se podan desprazar a celebrar con nós os tradicionais actos deste día, a misa oficiada polo arcebispo Monseñor Barrio e o Festival Folclórico no que actuarán 25 grupos de centros de todo o mundo.

Recibide unha calorosa e fraternal aperta,